



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORUÑA, A

Área Economía, Facenda e Réxime Interior

Exposición pública da aprobación das matrículas fiscais do exercicio 2026

EDICTO

Por Delegación da Xunta de Goberno Local (acordo de delegación do 31.07.2026 publicado no BOP núm. 147 do 5 de agosto), o Concelleiro Delegado de Economía e Planificación Estratéxica, con datas 7 e 9 de setembro de 2026 adoptou resolucións polas que se aprobaron as Matrículas Fiscais correspondentes ao exercicio 2026 das seguintes exaccións:

- Taxa por recollida de lixo (comercial e industrial).
- Taxa por cemiterios.
- Taxa por entrada de vehículos e reserva de espazo sobre a vía pública.
- Taxa por ocupación de vía pública con aparellos distribuidores.
- Taxa por ocupación da vía pública con mesas, cadeiras, tribunas e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.
- Imposto sobre Actividades Económicas.

De conformidade co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e artigo 61 da Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público municipais do Concello da Coruña, as matrículas aprobadas quedan expostas ao público durante o PRAZO DUN MES, contado a partir da publicación, podendo consultalas no Departamento de Facenda do Servizo de Xestión Tributaria, localizado no primeiro andar do edificio dos Servizos Económicos do Concello, na rúa da Franxa, núm. 20.

Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán examinalas e formular alegacións, así como presentar, no PRAZO DUN MES seguinte á finalización do período de exposición pública, os seguintes recursos:

a) Con carácter previo e potestativo, RECURSO DE REPOSICIÓN previsto no artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

b) RECLAMACIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA, que terá carácter preceptivo previo ao recurso contencioso administrativo, prevista no artigo 137 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, segundo redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

c) Ambos recursos non poderán ser simultáneos; de producirse esta situación tramitarase o presentado en primeiro lugar e declararase inadmisíbel o segundo (artigo 222 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria).

d) Calquera outro recurso que se estime procedente.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

A Coruña, 9 de setembro de 2026

José Manuel Lage Tuñas

Concelleiro responsable da área de Economía e Planificación Estratéxica

2026/5932